

O mes de novembro foi o mes da ciencia en galego.
Neste curso 2023/2024 os nenos de primeiro estivemos a traballar
no proxecto do corpo humano con Felipe o esqueleto, o noso
amigo.

Así que, como temos aprender moitas cousas con el sobre o noso
corpo,

como é por fóra e por dentro e como temos que coidalo
aproveitamos o Samaín para facer dous experimentos que nos
gustaron moitísimo!!!!

1. Ósos brandos? Non!!!!



CON VINAGRE, ÓSOS DE POLO LIMPOS, UN CONTEADOR PEQUEÑO E... TEMPO... OS
ÓSOS ABRANDÁRONSE!!



Observamos que se non cuidamos os nosos ósos, que son os que nos manteñen en pé e protexen os nosos órganos, éstos poden estar fráxiles e iso non é nada bo... o vinagre acedo ataca o calcio dos ósos, fai que o perdan e abranden.



Así que temos que coidar o calcio dos nosos ósos e alimentarnos ben para que a nós non nos pase o mesmo!!!

2. Non queremos virus!!!



OS VIRUS SABEMOS QUE ESTÁN AO NOSO REDOR AÍNDA QUE NON OS VEXAMOS. Temos que coidarnos para que non ataquen o noso organismo!!!

CON CLARA DE OVO, COLORANTES ALIMENTICIOS E BICARBONATO fixemos a mestura. Despois vertemos vinagre en cada recipiente e.....

que pasou?? Vaia reacción!!!!

